

Recordatorio de deberes legais á Consellería de Presidencia de que os e as axentes de policía teñen a obrigaón de identificación mediante a exhibición do seu carné profesional se así llelo solicita calquera cidadán que se vexa involucrado nunha actuación policial, nos termos previstos no Real Decreto 1484/1987, do 4 de decembro.

Expediente: V.4.Q/759/24

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Sr. Vicepresidente primeiro e conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don XXX respecto ao seu desacordo coa actuación de varios axentes da UPA nun incidente no ano 2020.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito indícanos abuso de autoridade na identificación dunha persoa por parte dun membro non identificado da Policía na cafetería do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra e descordo co trámite dado a todas as súas denuncias desde 2020 sobre protección de datos.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nolo remitiu co seguinte contido:

*“(..) 1. O día 27 de novembro de 2020 na cafetería do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, produciuse un pequeno incidente co Sr. XXX con ocasión da esixencia, por parte de persoal da Unidade do Corpo de Policía Nacional adscrita a esta Comunidade Autónoma (UPA), do cumprimento das medidas establecidas polas autoridades sanitarias por mor da pandemia de COVI-19 (en concreto, a obriga de levar posta máscara). Ante unha falta de respecto do Sr. XXX cos axentes, procédese á súa identificación por suposta infracción do artigo 37.4 da Lei orgánica de seguridade cidadá.*

*2. Por mor disto o Sr. XXX presenta un primeiro escrito de queixa o 3 de decembro de 2020, ao que se lle deu resposta polo Comisario Xefe da UPA o 15 de decembro dese ano, onde se lle explica a circunstancia de que un dos axentes non puidera identificarse nese mesmo intre e se lle indicaba que tiña á súa disposición, nas dependencias da sede da UPA en Pontevedra, moi*

*próximas á propia sede da Xunta de Galicia, a proposta por infracción leve a Lei Orgánica de Seguridade Cidadá onde constan os carnés profesionais dos dous axentes actuantes.*

*3. Posteriormente, mediante escritos do 19 de febreiro de 2021 e do 7 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior déuselle resposta a varios escritos anteriores do interesado nos que solicitaba identificación dos dous axentes da UPA que interviñeron na actuación levada a cabo o citado día 27 de novembro de 2020, en concreto os policías con carnés profesionais XXX e XXX .*

*4. A partir do 7 de abril de 2022 o Sr. XXX presentou novos escritos de datas 5 de xullo, 24 de agosto e 21 de decembro de 2022 e do 5 de abril e 28 de xullo de 2023, dirixidos a varios departamentos da Xunta de Galicia, que foron respondidos mediante escrito do 19 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Nestes escritos fai referencia ao posible incumprimento da normativa sobre Protección de Datos por fotografarse o seu DNI cun teléfono móbil portado por un dos axentes intervinientes; Respecto a esta alegación respóndeselle indicando que a fotografía do seu DNI realizouse cun teléfono pertencente a esta unidade policial e que finalizada esta actuación procedeuse inmediatamente á destrución da fotografía do seu DNI no citado dispositivo móbil.*

*Polo que respecta expresamente á solicitude contida nos citados escritos de que se lle comunique se se tomou algunha medida respecto dos feitos denunciados no seu día, informóuselle que das dilixencias contidas no expediente policial derivado da situación acaecida na cafetería da Xunta de Galicia o citado 27 de novembro de 2020, non se observan condutas que constitúan un suposto de infracción á Lei Orgánica 4/2010, do 20 de maio, do Réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, nin que poidan xustificar a proposta de inicio dun expediente sancionador aos axentes intervinientes, e que en todo caso debe ser instruído e resolto polo Ministerio do Interior, a través de Dirección Xeral da Policía.*

*5. En relación aos seus últimos escritos de datas do 24 de outubro e 22 de decembro de 2023, se lle reiterou o manifestado anteriormente no escrito enviado o 19 de setembro de 2023, no cal se lle daba resposta a todo o solicitado nos escritos anteriores, e se lle indicaba, como non podía ser de outra maneira, que tiña abertas as vías xurisdicionais que considere na defensa dos seus dereitos.*

#### **CONSIDERACIÓNS FINAIS**

*No requirimento da Valedora se sinala que o interesado no seu escrito “indícanos abuso de autoridade na identificación dunha persoa por un membro non identificado da Policía na cafetería do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra” e “desacordo co trámite dado a todas as súas denuncias desde 2020 sobre protección de datos”.*

*Respecto a existencia de abuso de autoridade na identificación, cómpre sinalar que do expediente policial, resulta que inicialmente se lle informa ao interesado que debe colocarse a máscara, circunstancia que el cumpre e se vai do local; pero posteriormente regresa faltando ao respecto dos axentes cun xesto que el mesmo detalla “tocando los huevos”, momento en que é identificado e proposto para sanción. En ningún momento hai abuso de autoridade, senón esixencia de cumprimento das normas impostas polas autoridades sanitarias pola epidemia da COVID-19 e que, como todos sabemos, supuxeron unha importante restrición de conductas que afectaban á vida diaria e que, sen dúbida, xeraron moitas incomodidades, e ante a posterior falta de respecto aos axentes, identificación do interesado para proposta de sanción por incumprimento da Lei de seguridade cidadá.*

*Respecto ao “desacordo co trámite dado a todas as súas denuncias desde 2020 sobre protección de datos”, cómpre salientar que o interesado presentou dende o 3 de decembro de 2020, máis de 15 escritos dirixidos a diferentes departamentos desta administración autonómica por este incidente. Polo que respecta a actuación dos policías neste caso segundo resulta do propio expediente policial, temos que cualificar a súa actuación como correcta, ao solicitar a súa identificación e posterior fotografía do DNI do interesado mediante un dispositivo pertencente a esta unidade policial, co único obxecto de tomar a imaxe do documento de identidade e practicar as comprobacións esixidas pola lei orgánica de seguridade cidadá, evitando a súa manipulación e cumprindo as esixencias de seguridade sanitaria atendendo ás circunstancias existentes.*

*Nesta actuación cumpriuse o principio de minimización de datos no tratamento dos datos persoais. Debemos ter en conta nesta materia as resolucións da Axencia Española de Protección de Datos (exemplo, Resolución da AEPD recaída no expediente E/13223/2021).*

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. En relación ao relato dos feitos sucedidos na cafetería no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra en novembro do ano 2020 difiren, os achegados no escrito de queixa e no informe da UPA e da Vicepresidencia da Xunta, en tanto á conduta e comportamento das persoas implicadas no incidente cómpre contextualizar os mesmos nun momento de emerxencia sanitaria, tras oito meses de pandemia, no que se tiñan reintroducido distintas restricións a causa do empeoramento dos datos sanitarios en varios municipios, entre eles Pontevedra.

SEGUNDO. Con respecto á resposta que a Administración ten a obriga de achegar aos escritos das persoas que se dirixen a ela, segundo se informa por parte da Consellería, remitíronse respostas aos distintos escritos rexistrados expoñendo que non se atopaban motivos para iniciar un expediente en relación á actuación policial.

TERCEIRO. Con relación á identificación do axente, efectivamente, o informe da policía reconece que o axente non a portaba naquel momento, tal e como é a obriga segundo se regula no artigo 18 do Real Decreto 1484/1987, do 4 de decembro, sobre normas xerais relativas a escalas, categorías, persoal facultativo e técnico, uniformes, distintivos e armamento do Corpo Nacional de Policía e no artigo 16 da Orde INT/430/2014, do 10 de marzo, pola que se regula a uniformidade no Corpo Nacional de Policía. Esta obriga vén mesmo reflectida na propia páxina web da Policía Nacional, para información da cidadanía.

Segundo se expón no informe da Administración, notificóuselle a vostede, *a posteriori*, a identidade dos axentes que interviñeron no incidente en cuestión nas respostas remitidas por parte da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior aos escritos rexistrados por vostede. Con todo, non figura na información recibida que se producira tal identificación no lugar dos feitos, nin amosando o número correspondente nin o carné profesional nin que se identificara ao axente por parte do superior que estaba presente.

CUARTO. Con relación á fotografía realizada ao seu carné de identidade por parte dun dos axentes, e á debida protección dos datos persoais ao abeiro da lexislación vixente, a propia Axencia Española de Protección de Datos emitiu distintas resolucións conforme o feito de fotografar a documentación utilizando un móbil corporativo da policía e destruindo posteriormente a imaxe, pode aceptarse cando se dean circunstancias excepcionais.

Así, tanto no procedemento Nº: PS/00470/2021, relativo a unha reclamación presentada fronte á *Dirección General de la Policía* pola identificación deste xeito de varias persoas participantes nunha concentración como no Nº: E/13223/2021, relativo á identificación con fotografía do DNI por parte da policía local, a Axencia sinala que en ambos casos se daban as “circunstancias excepcionais” para permitir este tipo de identificación, no primeiro dos casos pola propia concentración e no segundo polas restricións da pandemia.

De feito, a segunda das resolucións da AEPD sinala: “(..) el hecho de que se aconsejara extremar precauciones y agilizar en todo lo posible las intervenciones por la situación de emergencia sanitaria, utilizando un medio excepcional de identificación como es hacer fotografías con un teléfono móvil oficial perteneciente a la Policía Local, posibilitó que, en la labor de identificación redujera el contacto interpersonal entre la persona identificada y los agentes. Todo ello unido a que, una vez hechas las comprobaciones necesarias en la identificación, las imágenes tomadas con el móvil fueron borradas sin que quedara rastro

alguno en ningún fichero policial, según confirma la propia policía.(..)” . É dicir, describe unha situación semellante á relatada no incidente de novembro de 2020.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

***Os e as axentes de policía teñen a obrigaón de identificación mediante a exhibición do seu carné profesional se así llelo solicita calquera cidadán que se vexa involucrado nunha actuación policial, nos termos previstos no Real Decreto 1484/1987, do 4 de decembro, sobre normas xerais relativas a escalas, categorías, persoal facultativo e técnico, uniformes, distintivos e armamento do Corpo Nacional de Policía.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo